

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32015475	IES O Ribeiro	Ribadavia	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura II	2º Bac.	3	87

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introdución

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura en segundo de bacharelato oriéntase tanto á eficacia comunicativa na producción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construcción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obligatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Proponse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura más aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiríalles aos ciudadáns e ás ciudadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacions de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamiento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. As linguas de España e os dialectos do español: Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español.
2. Morfoloxía: Esta unidade está adicada ás categorías gramaticais e á estrutura das palabras.
3. Literatura do Realismo e Naturalismo (segunda metade do s. XIX) e da Idade de Prata da cultura española (1875-1936). Esta unidade didáctica dedicarase ao estudo da literatura tanto do Realismo e Naturalismo (segunda metade do s. XIX) como da chamada Idade de Prata da cultura española, que comprende os anos 1875-1936 e abarcará, polo tanto, a revisión do Modernismo e as Xeracións do 98, o 14 e o 27.
4. Sintaxe: Analizaremos as regras que rexen a combinatoria de palabras para constituir unidades superiores: sintagmas e oracións, ademais de repasar as funcións sintácticas.
5. Textos do ámbito educativo: Nesta unidade, centrarémonos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais e os comentarios críticos.
6. Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura: Dedicamos esta unidade ao estudo da literatura española desde 1936 ata 1975, que abarca o período da Guerra Civil, o exilio de boa parte dos autores e autoras do momento e a ditadura.
7. Semántica: Estudamos aquí os diversos aspectos do significado das palabras e as relacións que se establecen entre elas.
8. Textos do ámbito social: Esta unidade dedicarémola aos tipos de textos más frecuentes dos medios de

comunicación social, para analizalos desde unha perspectiva crítica.

9. Literatura española e hispanoamericana contemporánea: O estudo da literatura española posterior a 1975 e da hispanoamericana contemporánea será o tema que trataremos nesta unidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prejuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construir coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, reconéctandoo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construir coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.		3		1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.		1-4		3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.		1-4				1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.		1-2	2	1-2		50		
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.		1-5	3		3	31	1-2-3	

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As linguas de España e os dialectos do español	<p>Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as lingua de España e as variedades dialectais do español.</p> <p>Mediante a comparación entre as lingua e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizarse sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.</p>	10	6	X		
2	Morfoloxía	Imos repasar agora as categorías gramaticais e a estrutura das palabras e aprenderemos a segmentalas nos seus morfemas constituíntes. Tamén analizaremos os diferentes procedementos que teñen as lingua para enriquecer o seu vocabulario.	10	12	X		
3	Literatura do Realismo e Naturalismo (segunda metade do s. XIX) e da Idade de Prata da cultura española (1875-1936).	Esta unidade didáctica dedicarase ao estudo da literatura tanto do Realismo e Naturalismo (segunda metade do s. XIX) como da chamada Idade de Prata da cultura española, que comprende os anos 1875-1936 e abarcará, polo tanto, a revisión do Modernismo e as Xeracións do 98, o 14 e o 27.	10	10	X		
4	Sintaxe	Ademais de repasar as funcións sintácticas, nesta unidade analizaranse as regras que rexen a combinatoria de palabras para constituir unidades superiores: sintagmas e oracións.	10	10		X	
5	Textos do ámbito educativo	<p>Nesta unidade, centrarémonos nos tipos de textos más habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais e, nomeadamente, os comentarios críticos.</p> <p>Constitúen o elemento fundamental da avaliação e da cualificación en todas as materias; por iso é polo que a súa análise ten especial interese.</p>	15	12		X	
6	Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura	Esta unidade didáctica abordará o estudo da literatura española desde 1936 ata 1975, que abarca o período da Guerra Civil, o exilio de boa parte dos autores e autoras do momento e a ditadura. Abrangue, polo tanto, as manifestacións poéticas, narrativas e teatrais destes anos,	10	10		X	

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura	examinando as súas características, autores/as e obras más representativos, identificando, analizando e comentando tamén os trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos significativos da literatura deste período.	10	10		X	
7	Semántica	Estudaranse os diversos aspectos do significado das palabras e as relacións que se establecen entre elas.	10	6			X
8	Textos do ámbito social	Esta unidade dedicarémola aos tipos de textos más frecuentes dos medios de comunicación social, para analizalos desde unha perspectiva crítica.	15	9			X
9	Literatura española e hispanoamericana contemporánea	Esta unidade didáctica estará dedicada ao estudo da literatura española posterior a 1975 e da hispanoamericana contemporánea. Centrarase, entón, na revisión das características, autores/as e obras más destacados, así como na identificación, análise e comentario dos trazos distintivos dos movementos, escritores e escritoras ou textos en fragmentos representativos da literatura deste período.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As linguas de España e os dialectos do español	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	O alumnado recoñecerá as linguas de España e os dialectos do español. Será quien de diferenciar os trazos propios das variedades dialectais e os relativos aos sociolectos e aos rexistros.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	O alumnado deberá identificar e combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos. Analizará tamén o papel dos medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	TI	70
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - As linguas de España e os dialectos do español. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos. 	

UD	Título da UD	Duración
2	Morfoloxía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará os elementos constitutíntes das palabras e os procedementos de adquisición e formación de novas palabras mediante a observación, comparación e clasificación de unidades.	PE	50
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá recoñecer as diferentes clases de palabras desde unha concepción da lingua como sistema interconectado.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta). - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de diccionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
3	Literatura do Realismo e Naturalismo (segunda metade do s. XIX) e da Idade de Prata da cultura española (1875-1936).	10

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoo ao contexto da obra, a tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudiados.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudiada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.	TI	30
CA4.5 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará diccionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudiada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.	TI	30
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudiada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándolas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de producción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.

Contidos

- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
4	Sintaxe	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizáns, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexións entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.	PE	50
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Os alumnos e as alumnas deberán prestar especial atención aos procedementos gramaticais existentes para enriquecer os propios textos.	TI	50
CA5.3 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado recoñecerá as funcións sintácticas da oración simple ou composta e solucionará problemas de comprensión analizando as relacóns entre a estrutura sintáctica e semántica das construcións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
5	Textos do ámbito educativo	12

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios do ámbito educativo.		
CA2.4 - Valorar críticamente o contenido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidad e fiabilidade, así como a eficacia dos procedimentos lingüísticos emplegados.	Os alumnos e as alumnas terán que identificar, como mínimo, os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos de carácter expositivo propios do ámbito educativo.	PE	40
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	O alumnado elaborará comentarios críticos sobre temas académicos ou de interese social. Valorarase a fiabilidade da información, a calidad, a corrección, a coherencia, cohesión e adecuación.		
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios; reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado elaborará por grupos un traballo de investigación sobre un tema académico. Valorarase a fiabilidade e a pertinencia da información, así como a capacidade de expresala de xeito creativo.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito educativo e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.	TI	60
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará nos textos orais do ámbito educativo a claridade expositiva, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliação da súa fiabilidade e pertinencia.	O alumnado buscará e seleccionará información con criterios sólidos de fiabilidade, calidade e pertinencia.		
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será capaz de deducir o significado de determinadas palabras a partir do contexto no que son utilizadas.		
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realizará unha presentación de 5 minutos con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado e adaptándose ao tempo disponible. Prestará atención á dicción e á linguaxe non verbal.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencions; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da lingüaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lingüaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidad e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Detección e análise das relacóns entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencions; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e otros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacóns entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, grammatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de diccionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co

Contidos

- significado.

UD	Título da UD	Duración
6	Literatura da Guerra Civil, o exilio e a ditadura	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudiados.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudiada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.	PE	70
CA4.5 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalinguística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará diccionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudiada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.	TI	30

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quen de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudiada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándolas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de producción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias. - Construcción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

UD	Título da UD	Duración
7	Semántica	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidad e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Os alumnos e as alumnas prestarán especial atención ás diferencias relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos léxicos e pragmáticos.	PE	70
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da oración simple ou composta en función do propósito comunicativo.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	A partir da análise de casos concretos, o alumnado será capaz de establecer xeneralizacións sobre as mudanzas no significado das palabras.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	As alumnas e os alumnos centraranse nos valores denotativos e connotativos das palabras en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.	TI	30
CA5.3 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado deberá utilizar axeitadamente os dicionarios e manuais de consulta. Terá que fazer uso do coñecemento sobre as relacións semánticas entre palabras para solventar problemas de comprensión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferencias relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico. - Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo. - Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información grammatical de carácter xeral. 	

UD	Título da UD	Duración
8	Textos do ámbito social	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Como mínimo, o alumnado recoñecerá a intención comunicativa, o sentido global e a relación entre as partes dos textos escritos propios dos medios de comunicación.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidad e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado valorará a coherencia, recoñecerá os principais mecanismos de cohesión nos textos escritos e identificará a expresión da subxectividade en textos dos medios de comunicación.	PE	30
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado analizará o grao de formalidade da situación, o propósito comunicativo, a canle e os elementos non verbais mediante o seu rastro na mensaxe.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado captará, como mínimo, a intención comunicativa, o sentido global dos textos orais do ámbito social e a relación entre as súas partes. Seleccionará e reterá a información relevante.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidad, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valorará nos textos orais do ámbito social a eficacia comunicativa, a dicción, a linguaxe corporal e a utilización de soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles rumbos da información.	O alumnado deberá amosar habilidade para verificar a veracidade da información obtida nas redes sociais.		
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar e rexeitar os usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.	TI	70
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Como mínimo, os alumnos e as alumnas respectarán a quenda de palabra e evitarán as interrupcións nas interaccións orais.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado prestará especial atención ás relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión dos textos propios.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	Nas interaccións orais, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidad e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos.
- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais.
- Contexto vinculado ás estratexias de producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.

Contidos

- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de diccionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
9	Literatura española e hispanoamericana contemporánea	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudiados.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudiada. Valorarase a pertinencia da análise temática e formal e a relación con outras expresións artísticas.	PE	70
CA4.5 - Revisar os propios textos e fazer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará diccionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quien de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudiada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e a súa experiencia lectora.	TI	30
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será quien de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudiada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándolas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de producción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias. - Construcción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.

Contidos

- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concreciones metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razonamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamiento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos literarios, vinculándoo con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de producción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades más relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarse o traballo na aula a partir das seguintes concreciones metodolóxicas:

- 1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplio abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.
 - 2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.
 - 3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:
- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da

actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura desde 1875 ata a actualidade, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condenseen as reflexións e conclusóns de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construcción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándooos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de diccionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbihas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construcción de novos coñecementos a través da consulta de libros, diccionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.

Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obligatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construcción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusóns.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudiados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliação definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudiados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado. Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacions comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea. A escolma de fragmentos e obras de lectura obligatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura dos séculos XX e XXI, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudio da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escucha activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

- Dicionario da Real Academia Española: www.rae.es
- Dicionario Panhispánico de Dúbidas: www.rae.es/dpd
- Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>
- Compilación da obra lírica dos poetas más relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com
- Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com
 - Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabrvirtual.com
 - Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>
 - Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

- Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>
- Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>
- Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html
- Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm
- Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>
- Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/>
 - Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>
 - Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materialeducativo>
 - Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>
 - Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>
 - En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>
 - educalAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita con dúas partes: comentario de texto e cuestionario tipo test. O comentario de texto avalia especificamente a capacidade de comprensión e expresión escrita, e o test recolle os contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de Bacharelato.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	10	10	15	10	100
Proba escrita	30	50	70	50	40	70	70	30	70	52
Táboa de indicadores	70	50	30	50	60	30	30	70	30	48

Criterios de cualificación:

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba escrita.

b) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): formulación de dúbidas, traballos escritos, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións.

A ponderación será dun 80% as proba escritas e un 20% os traballos.

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de rematar unha avaliación con resultados negativos, realizarase unha proba escrita ou un traballo sobre o contido específico desa avaliación. En caso de obter cualificación positiva, será esta a nota que se terá en conta para

a avaliación final.

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflecten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender sempre que a súa contorna educativa ofrece condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razonamento e analizar críticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades más complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demás. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuirase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.	X		X		X	X		X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X		X			X		X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.	X					X	X	X
ET.4 - A formación estética.			X	X		X		
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.								X
ET.6 - A educación para a saúde.	X							X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico		X		X	X		X	

	UD 9
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.	
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.	
ET.4 - A formación estética.	X
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.	
ET.6 - A educación para a saúde.	
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico	

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacions de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostenible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostenible e a protección do medio ambiente e coas situacions de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras.	Esta actividad posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os e as estudiantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	X
Gravación de podcast con comentarios de textos literarios do programa.	O alumnado pode gravar comentarios de textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos más significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. O comentario enriqueceríase coas achegas de todo o alumnado da clase.		X	
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividad, conectada co traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións propostas polo propio alumnado despertarán maior interese entre os e as estudiantes.			X
Representación teatral	Acudir a alguma representación teatral dos movementos literarios estudiados, o que mellora a motivación cara á literatura e a comprensión dos textos literarios.	X	X	X

Observacións:

As visitas de autoras e autores e acudir a unha representación teatral se realizarán dependendo da oferta ou dispoñibilidade no trimestre que sexa posible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Metodoloxía empregada
Ao inicio de cada unidade didáctica, realiza unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probas, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporcionase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo....).
Explicáronse e corrixíronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Clima de traballo na aula
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízanse as actividades complementarias programadas.
Outros
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente do curso anterior.

Descripción:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construcción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación. Este extracto o terán no seu curso de Lingua Castelá da Aula Virtual do IES O Ribeiro.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do IES O Ribeiro.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados

1. Acreditación de coñecementos na materia

O alumnado que se incorpore en 2º de Bacharelato e non teña cursada a materia Lingua Castelá e Literatura I seguirá o mesmo procedemento que ten o alumnado coa materia pendente.

Cabe a posibilidade de que o/a alumno/a prepare previo ao inicio de curso a materia e decida presentarse en novembro a unha proba global de toda a materia. No caso de superar esa proba, xa quedaría a materia superada e a cualificación obtida sería a que iría reflectida en todas as avaliacións. De non superar a dita proba, deberá presentarse de novo en febreiro (en principio a unha nova proba final, aínda que poderíase chegar ao acordo de facer nesta ocasión o parcial e quedar o outro parcial para abril).